Num. 265

FOUCE

Xullo 2008

Periódico labrego de información técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

Loitando para acadar un prezo base mínimo para o leite



Edita:
Edicións Fouce
Departamento de Publicacións de Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646
Coordinación:
Vera-Cruz Montoto Vázquez
Colaboracións: *Sandra Varela, Carme Freire, Lidia Senra, Manuel Docampo, Isabel Vilalba, Xosé Pérez Rei e Charo Sánchez Parga.*
Deseño e maquetación:
Xosé García e Vera Montoto
Sede da redacción:
Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570
www.sindicatolabrego.com
Depósito Legal: C-749/88

sindicato labrego galego
comisións labregas

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
R/ Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA -R/ Padre Pardo nº24, 1º D
Tlfno. 981 508 177
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO - Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
SANTA COMBA - R/ Lugo,nº9, entr. esq.
Tlf/Fax. 981 880909
ORDES - R/ Nova nº 38, 1º, 15680.
Tlf. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS - Praza da Constitución nº 4, 1º.Tlf: 981 773377
TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º esq / Tlfno. 981 789 781
SAN SADURNIÑO - Lugar de Outeiro s/n
981 490430
AS PONTES - R/ Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tlf. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
Tlf: 630 970 131
O CARBALLIÑO, Casa sindical
Tlf: 630 970 131
VERÍN - Travesía de Sousas nº 20, Galerías Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA - CIG Casa Sindical.
Tlf. 988 477230
Fax. 988477230
XINZO - Casa Sindical Tlf. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
VIANA DO BOLO Antigo centro de saúde.
Tlfno. 629 621 047
LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tlf. 982 231154
MONFORTE - Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005
SARRIA - Rúa Nova 60, entrechán.
982 533672
CHANTADA - Praza do Concello, baixos
AISSTlf/Fax: 982 462103
A FONSAGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tlf. 982 350 080
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ - Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tlf.982 512431
MEIRA- R/ Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño Entrechán E. Tlf/Fax: 986792268.
A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º
Tlf/Fax 986 573232
LALÍN -Arenal nº1, 1º andar. Tlf. 986 792 268
SILLEDA - Av. do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros,portal 1ºA, 1ºC. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edf. Rosales. Tlf. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes, Ribadumia. Tlf. 986 711825

No medio rural das especies animais protexidas

"Queren converter Galiza nunha selva"

Estase a producir unha forte redución dos servizos no rural. Nestes meses coñecimos a intención de pechar doce centros escolares, medida que afectará a 291 nenas e nenos en todo o País. Os pais e nais de Abadín, n´A Terra Chá , levan meses reivindicando o dereito a non ter que mandar os/as súas fillas/os a "estudar á vila" .



Ana Álvarez, veciña de Abadín, e Begoña Rico, nai afectada pela supresión do 1º ciclo da ESO no instituto "Aquilino Iglesia Alvariño" de Abadín. Ten un fillo, Rubén, e unha filla: Lucía.

■ Como se sente vostede cando, neste rural ao que tanto se promociona ir a vivir, tentan eliminar un servizo tan imprescindíbel como é a educación?

O que me parece mal é que decidan sacar algo que xa tiñas. Así que, abandoada, más que nada síntome abandonada.

Despois saen na televisión o/as políticos/as dicindo que hai que fomentar o rural... pero se che levan aos teus fillos e fillas, que fomentas?

Catro árbores aí colgadas, que dicen que non se lles pode tocar, e catro toxos? Iso é o que fomentan os políticos e políticas? Eles o que fomentan son as selvas. Traer para aquí animais e que se críen.

Galiza quérenna converter nunha reserva natural, aquí que entren todos os animais que queiran, e nosoutros para as cidades a vivir, que as patacas e as leitugas e todo iso ímolas traer de Castilla, onde están os desertos.

Ademais da supresión de servizos, a nivel laboral están fomentando que te xuntes, que fagas algo grande para que despois veña un máis grande e te coma e despois ti que traballes para el, e se non queres, que te vaias.

■ Qué cambios suporía na súa vida a supresión do primeiro ciclo da ESO do colexio de Abadín?

O noso medio de vida é o rural, e estannos deixando sen servizos.

Lévanche todo e déixanche quedar a ti sola. E despois dinche que te quedes, impulsando á xente nova a que se quede. Pero se che levan aos fillos tes que marcharte ti.

Eu non quero enviar aos meus fillos a Lugo, ou á Coruña e quedar aquí eu a vivir.

Pero o problema é que eu vivo da agricultura, non teño unha carreira, non son mestra nin nada así, se me vou de aquí terei que fregar escaleiras, ou planchar, ou limpar.

Eu non podo levar o que teño feito aquí, a gandeiría, para ningún lado, é o medio de vida que temos.

■ Semella entón que a teoría non se corresponde coas medidas aplicadas na práctica....

Penso que existe un verdadeiro descoñecemento das necesidades da poboación.

Os e as conselleiras non aparecen por estes lugares a ver o que hai, coñecen o rural só de velo nos libros e de estudialo no ordenador.

Quenes fan estas leis non coñece nada isto, nunca pisaron un pobo.

Estudaron nunha universidade, sentaron diante dun ordenador e veno todo moi bonito.

Pero non saben onde ten a vaca o rabo, ou os cornos, ou por onde dá o leite, deben pensar que o leite vén nos cartóns e que a carne sae dunha máquina. Deben pensar iso, porque fan leis que non teñen sentido.

E se unha cousa está mal feita, teñen opción a rectificar, pero non o fan, seguen adiante caia quen caia e fan o que teñan que facer.

■ Como afectará ao seu fillo maior, actualmente en 6º da ESO esta medida?

Rubén ten Síndrome de Down, despois destes tres anos queríamolo meter nun ciclo, algo con animais, el é moi amigo dos animais, se cadra porque naceu no agro. Moi amigo dos animais. Se houbera algo así, ou xardinería...

Porque a opción de vir canda nós para a casa, esa opción tena sempre... se non se poñen peor as cousas do que están... Así que, podendo, eu prefería que fixera algunha outra cousa.

Esta publicación está co-financiada pela:
DEPUTACION DA CORUÑA
www.dicoruna.es

Con nenos/as quedamos, sen nenos/as marchamos

A supresión de servizos cidadás no rural acelera o seu despoboamento

As nais e pais do concello de Abadín, n´A Terra Chá, levan dende o pasado mes de abril en pé de loita pelo mantemento do primeiro ciclo da ESO no IES "Aquilino Iglesia Alvariño". Corenta son as nenas e nenos afectados neste concello, mais a medida de peche tomada dende a Consellaría de Educación afectará a un total de doce centros escolares do País, forzando ao desprazamento de case trescentos escolares. Nalgúns casos, este cambio de centro suporá viaxes diarios de até 30km, case unha hora de autobús, e erguerse ás seis da mañá.

Vai vivir ao rural. Iso si: sen fill@s, sen futuro.

Inmers@s nunha campaña de promoción do medio rural por parte da Xunta da Galiza, o SLG vén denunciando a supresión de servizos que estamos a sufrir as persoas que xa vivimos neste rural que, segundo as institucións, se pretende revitalizar.



As nais e pais de Abadín manteñen os cortes de tráfico da N-634 en sinal de protesta. Nembergantes, dende a Delegación do Goberno transmitíuselle a prohibición de realizalos nas tardes da fin de semana, xa que, segundo se argumentou, supoñen unha molestia para quenes pasan as fins de semana na costa lucense ou voltan de pasar uns días en Asturias ou Euskadi. Sorprendentemente, non existe restricción algunha para levar a cabo estes cortes durante a semana, cando as persoas que se verían afectadas serían os/as habitantes das poboacións veciñas e os/as traballadores/as do sector transportes.

A eliminación da oferta educativa nestas áreas non somentes é deseñar un rural sen futuro, senón que tamén desencadea a imposibilidade de proporcionar outro tipo de servizos, habida conta do desprazamento deste sector da poboación.

"Se marchan @s nen@s fai falla menos pan, menos tendas, menos autobuses, menos persoal nas escolas..." -Puntualiza unha das nais afectadas.

Na Galiza existen na actualidade case 1.300 núcleos de poboación sen ningún habitante, incrementándose o número de lugares despoboados nun 15% nos últimos sete anos.

O 80% destas aldeas atópanse nas provincias de A Coruña e Lugo, como Abadín.



A Conselleira de Educación, Laura Elena Sánchez Piñón, negouse en repetidas ocasións a reunirse cos pais e nais afectados pela supresión do primeiro ciclo da E.S.O.

Os/as representantes institucionais néganse a tratar o tema coas familias

Até o presente curso 2007-08, os nenos e nenas de Abadín permancían no concello até os catorce anos. A supresión do primeiro ciclo da ESO suporía abandoalo aos doce.

Foi polo mes de abril deste ano cando a directora do IES "Aquilino Iglesia Alvariño" trasladou aos pais e nais do alumnado a decisión tomada pela Consellería de Educación.

Dacordo con esta decisión, a responsábel do centro tratou de axilizar o desplazamento d@s alumn@s enviando aos pais e nais os impresos de traslado aos novos centros, malia a coñecer a disconformidade das familias.

No comezo das reivindicacións produciuse a visita de inspectores de educación, que rexeitaron entrar no centro por mor da concentración que as familias afectadas protagonizaban perante o IES.

Na derradeira reunión mantida o vintecatro de xullo co Delegado de Educación e Ordenación Universitaria, Luis Manuel Álvarez, o encontro concluíu con poucas ganas de solucionar o conflicto: "Esta é a derradeira reunión, non os voltarei receber".

As familias presionan arestora para acadar un pleno extraordinario no que os partidos do concello se posicionen, se ben o PSOE xa o fixo a prol da Consellaría.

Tamén presentaron un escrito no que recollían os porqués da súa oposición á supresión, e que queren facer chegar ao Parlamento Galego.

O conselleiro do Medio Rural, pola súa banda, manifestou o seu apoio ideolóxico ás nais e pais, mais eximiuse puntualizando que se trata de competencias da Consellaría de Educación.

nº 265
Xullo do 2008 FOUCE

Editorial

Agro é Patria

Como todos os anos, este 25 de xullo, celebramos o Día da Patria Galega.

Para nós, o SLG, esta celebración é moi significativa. Inherente á nosa definición de organización nacionalista dos labregos e das labregas, entendemos que defender a nosa patria é defender o noso agro e viceversa: defender o agro é indispensábel para defendernos e construírmonos como patria.

Varias apostas desa construcción e das nosas loitas:

A **soberanía alimentaria** como dereito do pobo galego a decidir a nosa política agraria: producirmos nas nosas explotacións alimentos sans, variados e suficientes para a nosa cidadanía e poder vivir de dita actividade.

A **independencia** como pobo soberano para **poñerlle coto á especulación das multinacionais** con algo tan básico como é o poder comer.

A **aposta pola terra** como recurso básico **para producir alimentos** enfrontada á aposta dos gobernos ao servizo das multinacionais petroleiras e da enerxía, para producir agrocombustibles e cultivos enerxéticos.

A aposta por **iniciativas** de produción de alimentos en base á terra **para alimentar o noso gando**, que nos fagan independentes da especulación económica en bolsa de produtos como a soia e o millo e que nos salven do terrorismo xenético dos OXM´s.

A aposta pola **independencia das multinacionais da distribución** de alimentos que son quen se está facendo con todo o mercado, botando del, incluso físicamente, ó pequeno comercio, ás prazas, ás feiras...

A aposta, en definitiva, por **recuperar as nosas canles de comercialización e de compra de alimentos**.

En todas estas **claves** entendemos a Patria, en todas elas entendemos que é necesaria a aposta e **a loita se queremos ter e ser Patria.**



O Mercado da Transparencia arranca en Compostela



Campaña de denuncia na contra da crise das explotacións e da especulación alimentar

Na reunión da Dirección Nacional do SLG celebrada o pasado 26 de xuño decidimos convocar mobilizacións para denunciar a grave situación de crise que padecemos nas nosas explotacións.

Os baixos prezos que, en xeral, percibimos polos nosos produtos, e o desmesurado aumento dos custos de produción que se deu no último ano, fai que moitas labregas e labregos vexamos seriamente comprometida a rendabilidade do noso traballo.

A isto engádese un dominio cada vez maior do mercado por parte das multinacionais da distribución, o que provoca a especulación económica con un dereito básico como é a alimentación: prezos baixos para nós e prezos altos para quen merca os produtos.

Os gobernos, que din defendernos, e diante dos que levamos denunciado esta situación reiteradamente, escúdanse dicindo que non se pode facer nada porque a lei llelo impide.

O exemplo máis recente é o do contrato homologado do leite sen un prezo base.

Se os gobernos son os que fan as leis, por que eles mesmos non as modifican?

A nosa pregunta sempre é: se son os gobernos os que fan as leis, por que eles mesmos non as modifican? Ou para quen as fan, entón? Para as multinacionais ou para nós?

Todas estas reflexións son as que nos levaron a decidir na Dirección Nacional emprender unha campaña de denuncia e chamar á mobilización conxunta, con nós, da cidadanía.

Así, o pasado 17 de xullo dimos comezo a esta campaña de denuncia coa realización dun mercado "transparente" en Compostela, no que as consumidoras/es intercambiaron experiencias e preocupacións directamente cos produtores/as, á vez que se lles infor-maba da grave problemática que sofren as nosas explotacións.

O que está en xogo é moi importante para nós porque vivimos de producir alimentos, máis é fundamental para a sociedade galega: é o poder comer a diario alimentos sans producidos no noso País.



A cidadanía xógase poder comer a diario produtos sans producidos no noso País

Pra atallar esta situación esiximos, ao respecto dos **prezos**:

a. Converter a cuestión dos prezos a percibir polos nosos produtos no centro do debate das políticas agrarias.

b. Establecer un prezo mínimo remunerador (que cubra os custos de produción e o traballo) para todas as nosas producións. Polo tanto, esiximos a **modificación da Lei da Competencia** mediante a inclusión da prohibición dos prezos por baixo dos custos de produción.

c. Unha vez establecidos os prezos mínimos, regular a obriga de revisión automática en función da subida real dos custos de produción.

En canto aos **mercados,** as nosas reivindicacións son as seguintes:

a. Priorizar as actuacións que potencien os mercados locais e de proximidade (pequeno comercio, venda directa...)

b. Apoio aos mercados, prazas de abastos e novas redes de distribución que coloquen o produto das nosas explotacións nos mercados galegos.

c. Regulación legal das marxes de comercialización e impedimento da especulación cos produtos agrarios.

d. Actuacións contundentes para eliminar a fraude na etiquetaxe (venda de produto foráneo como produto galego).

e. Normativa para produto caseiro e venda directa adaptada á realidade das explotacións.

Para empezar a negociar todas estas cuestións é para o que pedimos tanto á Administración galega como á estatal, a inmediata **convocatoria dunha mesa de negociación** para abordar medidas de solución a esta crise.

Táboa de pr€zos▪

Diferenza de prezos Orixe/Destino. Marxes comerciais

Produtos	Orixe	Destino	Participación do labrego/a no prezo	Diferenza Destino / Orixe
Tenreira	4,00	15,01	27%	375%
Porco	1,46	5,87	25%	402%
Leite	0,35	0,95	37%	272%
Coello	1,35	6,50	21%	482%
Cabaciño	0,36	1,20	30%	334%
Xudía	0,80	1,90	43%	238%
Leituga	0,24	0,70	35%	293%
Pemento Padrón	0,70	2,25	31%	322%
Tomate	0,70	1,75	40%	250%
Repolo	0,45	1,10	41%	245%
Berenxena	0,60	1,70	35%	284%
Grelos	0,40	1,50	27%	376%
Pataca	0,20	0,80	24%	400%
Acelga	0,32	1,00	32%	314%
Pepino	0,50	1,40	36%	280%
Promedio			32%	324%

■ **Táboa de prezos correspondentes á semana do 14 ao 20 de xullo 2008. En explotacións e superficies comerciais.**

nº 265
Xullo do 2008 FOUCE

Presentamos ao Goberno un paquete de medidas fiscais para paliar a crise do agro



Carme Freire facendo entrega do paquete de medidas fiscais na Delegación del Gobierno, n´A Coruña, o pasado dezanove de xuño.

Urxe poñer enriba da mesa medidas que resolvan definitivamente a actual crise que sofren as nosas explotacións.

No SLG entendemos que se poden levar adiante unha serie de actuacións a nivel fiscal que contribuirían dunha maneira importante a paliar este momento de crise.

Até o presente, a diminución da renda nas explotacións viña provocada polas frecuentes baixadas nuns casos ou polo estancamentos noutros dos prezos dos nosos produtos.

Mais esta situación viuse agravada durante este último ano polo incremento abusivo e descontrolado dos custos de producción.

O gasóleo incrementouse en practicamente en 0,40€ e os pensos nun 76% nun ano. Os abonos en dous anos incrementaron o seu prezo nun 153% . A seguridade social pasou de146,70 € por persoa mes no ano 2005 a 208 € por persoa mes neste ano.

Demandamos aos Gobernos actuacións urxentes para posibilitar que a actividade agraria no noso país siga adiante e para evitar que as explotacións existentes a día de hoxe se vexan obrigadas a abandonar a actividade.

MEDIDAS PRESENTADAS PELO SINDICATO LABREGO

1.- Implantación xa do gasóleo agrícola profesional, mediante:

Exención do imposto especial de hidrocarburos.

Deixar o gasóleo agrícola fora do ámbito obxectivo do imposto sobre vendas minoristas de determinados hidrocarburos.

Aplicación dun tipo reducido de IVA.

2.- Aumento da compensación do IVA

Aumento dun punto na compensación do IVA para as explotacións agrícolas e dous para as explotacións gandeiras

3.- Aplicación de reduccións no cálculo do rendemento neto previo do IRPF estimación obxectiva.

Deducir no Rendemento Neto previo o 45% dos gastos de compra de gasóleo.

Deducir no Rendemento Neto previo o 25% dos gastos en fertilizantes e pláticos

Reducción do 2% do Rendemento Neto.

4.- Medidas para o Réxime de Estimación Directa Simplificada do IRPF.

Solicitamos incrementar nun 10% a porcentaxe dos gastos de difícil xustificación e o conxunto de provisións deducíbeis, na determinación do rendemento neto das actividades agrícolas e gandeiras na modalidade simplificada en Estimación Directa e aos efectos do previsto no Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

5.- Reducción de módulos

Reducción do módulo da horta ao 0,15%

Reducción do módulo do leite ao 0,25%

6.- Adecuación dos actuais signos, índices e módulos a actividade agraria e gandeira.

Segundo os dados aportados pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, o 95% das labregas e dos labregos tributan polo sistema de estimacións obxectiva de signos, índices e módulos. Este sistema non foi modificado dende a súa criación no ano 92.

7.- Tratamento das axudas desacopladas.

Aplicación dun módulo propio do 0,26% para as axudas desacopladas.

O TSXG falla a favor do SLG e a veciñanza de Cardama declarando Solo Rústico de Protección Agropecuaria os terreos solicitados no 2005



Emilio Manuel Cores Fernández, afiliado do SLG e veciño de Cardama, canda Xosé Manuel Calvo, Secretario de Ordeación Territorial e Estruturas do SLG, tamén natural da parroquia.

En febreiro do 2005 aprobouse, sendo obxecto de publicación no DOG, o PXOM de Oroso. Planeamento que fora controvertido polo que se refire á calificación do solo na parroquia de Cardama.

Un grupo de persoas afiliadas e veciñas de Cardama, dirixiuse ao SLG para estudar a posibilidade de exercer accións legais contra o citado Planeamento por entender que na citada parroquia o PXOM calificara como solo rústico de protección forestal solo que realmente é de uso agrario -tratándose a maiores dunha zona en proceso de concentración parcelaria- cando en realidade a calificación que procedía era a de Solo rústico de protección agropecuaria (SRPA).

Plantexada no mes de abril de 2005 a oportuna demanda contencioso-administrativa contra o PXOM por estas persoas diante do TSXG, e pasados máis de tres anos, este tribunal emitíu sentencia na que vén a darlle a razón aos/ás demandantes, acollendo as súas pretensións pois a sentencia manifesta que deben ser calificadas como SRPA as áreas que se reivindicaba que tiveran esta cualificación.

O SLG, que tanto ten loitado contra as políticas de forestación de terras agrarias, non pode máis que mostrar a súa satisfacción por esta resolución.

Campaña de recursos na contra das concesións mineiras da Terra Chá

A actividade mineira está prohibida en chan rústico de protección agropecuaria, cómpre unha nova resolución xudicial



Rolda de prensa das/os afectadas/os pelas concesións mineiras; o pasado 21 de xullo. As concesións abranguen terreos correspondentes aos concellos de Abadín, Castro de Rei, Cospeito, A Pastoriza e Vilalba. Concretamente, zonas de concentración, zona de colonización e regadío do Arneiro, onde hai proxectos con utilidades públicas previas que foron ignorados cando se outorgou esta concesión.

Dende que o SLG tivo noticias a finais do ano 2006 da existencia destas concesións mineiras n´A Terra Chá, vimos de empregar tódolos medios e recursos ao noso alcance para evitar a súa implantación.

Ademais de participar nas reunións da Plataforma, nas asambleas e mobilizacións, no ano 2007 plantexamos dous recursos de revisión: un a nome do SLG e outro a nome de José Luis Cendán Río, membro da Dirección Nacional do SLG e propietario dunha explotación de vacún de leite en Cospeito.

Ámbolos dous recursos fican arestora sen resposta,dándose o caso de queJosé Luis Cendán interpuxo contencioso en vía xudicial.

Ao mesmo tempo, solicitamos información a Urbanismo e ós concellos afectados sobor dos permisos concedidos á empresa, informándonos a DXU e varios concellos da inexistencia destes.

Neste ano 2008, e continuando coa campaña, reiteramos as peticións de información aos concellos, Urbanismo e Medio Rural, así coma información referida á data de caducidade da industria.

Negociacións

A principios de maio deste ano, a Consellaría de Industria deu a coñecer ós alcaldes da comarca dos concellos afectados unha negociación coa empresa concesionaria, de cara a reducir a superficie afectada deixándoa en 2.528 ha.

A solución conleva obrigatoriamente a anulación da concesión por non ter en conta a actividade agrogandeira

Dende o Sindicato Labrego, coñecendo este acordo con devandita empresa somentes pola difusión nos medios de comunicación, xa fixemos público o noso rexeitamento, dado que a reducción á metade das concesións, non soluciona o conflicto.

Nada máis que en concentración parcelaria xa temos as 2.572 ha, sen contar as hectáreas de colonización e zona de regadío, así como as de monte comunal e o resto dos terreos que, por definición, teñen que ser considerados como suelo rústico de especial protección agropecuaria.

Para o Sindicato Labrego Galego, a solución conleva obrigatoriamente a anulaciónda concesión, por non terse avaliado os impactos na actividade agrogandeira.

A pesares de que por parte da empresa se ten emprendido unha campaña onde se afirma que as obras van comezar de contado, hai que deixar moi claro que non se conta cos permisos urbanísticos correspondentes, que na maioría dos casos non poderán ser obtidos por tratarse de Solo Rústico de Protección Agropecuaria.

Esta actitude por parte da empresa Erimsa forma parte dunha campaña intimidatoria de cara a que os/as propietarios/as se resignen e acepten como inevitábel a implantación.

Fai preto de ano e medio que na Terra Chá tiveron coñecemento das tres concesións para a extracción de cuarzo que a Consellaría de Industria otorgou á empresa Erimsa.

A mediados do 2007, Medio Rural, a petición do Sindicato Labrego, realizou un informe técnico-xurídico no que se recollían os posíbeis impactos socio-económicos e ambientais destas concesións, ademais de estudalo dende o punto de vista xurídico, suliñándose no mesmo "que se observa un defecto de forma na tramitación dos procedementos de outorgamento de concesións e no da súa avaliación de impacto ..." e que ".. os efectos das concesións mineiras sobre as competencias desta Consellaría son claramente prexudiciais e atentan directamente contra os valores e e obxectivos que se defenden e que foron descoñecidos na tramitación administrativa que deu lugar ao seu otorgamento".

O Sindicato Labrego Galego entende que para a Xunta a prevalencia da actividade agraria fronte a estas concesións mineiras, ten que ser unha cuestión de vital importancia. Non pode unha visión sectorial arruinar centos de explotacións e botar por terra o esforzo o longo de moitos anos de varias xeracións de familias.

Mobilización de afectadas/os en febreiro do 2007.

Presentación de recursos de revisión da concesión

Ademais destas peticións de información co fin de clarexar a situación real dos permisos, a principios de xullo tamén iniciamos unha campaña de recursos de revisión que gandeiros/as están presentando para que se revise a concesión e se avalíe a incidencia sobre a actividade agraria, xa que non se recabou a avaliación ou opinión da Administración competente: a Consellaría do Medio Rural.

Débese ter presente que este proxectoten un claro impacto sobre a actividade agropecuaria, determinante na economía da zona.

Estamos a falar dunha das comarcas agrarias máis importantes de Galiza, onde estas explotacións agrarias manteñen centos de postos de traballo directos e indirectos, o noso medido rural poboado e coidado, e cumprindo un papel fundamental como é a produción de alimentos para a sociedade.

O Sindicato Labrego Galego non vai escatimar esforzos para evitar este desastre facemos un chamamento a todas as administracións implicadas e o goberno galego, para que con valentía política solucione este problema.

O SLG fixou a súa aposta pela actividade agrosilvopastoril

Ordenación, multifuncionalidade e valoración, os piares da Lei de Montes

Dende o SLG somos conscientes do feito de que os montes galegos non poden seguir sendo vítimas dunha política forestal centrada na produción masiva de madeira de baixa calidade a costa das súas moitas e variadas posibilidades sociais e produtivas, cumprindo fomentar a renovación nas actuacións agro forestais e un impulso forte e claro da actividade agrosilvopastoril.Dende esta visión o SLG ven de participar amplamente no anteproxecto de Lei de Montes de Galiza, consensuado maioritariamente no consello forestal do 17 de xuño.

As actuación promovidas no monte galego, parten cara unha mellora da súa estrutura e potencialidades produtivas, desenvolvendo os beneficios tanto económicos coma ecolóxicos e sociais e dunha visión global na recuperación dos sistemas produtivos dinamizadores.

O anteproxecto presentouse no consello forestal do 17 de xuño, e dende o SLG entendemos que é unha lei necesaria para o monte galego.

Os piares de desenvolvemento de dita lei son a ordenación (denunciando aexcesiva parcelación que ten o monte galego e a forte presión do uso do solo), a multifuncionalidade (cómpre determinar o modelo de monte que necesita Galiza nunha estratexia forestal sustentábel e pola necesidade de fomentar e regular o uso multifuncional do monte), e a valoración (pola demanda social do uso do espazo forestal e a importancia medioambiental do noso monte).

O SLG defendeu de cara ós órganos desenvoltos pola lei a representación das organizacións agrarias como entidades de pleno dereito.

A lei desenvolve as Unidades de Xestión (mínimo 15 ha) neste eido o SLG conseguiu que se contemplara os coutos redondos con menos de 15 ha de cara a desenvolver instrumentos de xestión e poder acollerse aos incentivos e axudas que para tal fin se desenvolvan .

Unhas das teimas máis defendidas polo SLG foron as referentes ao desenvolvemento dos cultivos enerxéticos, limitando a posibilidade de que enchan os nosos montes de cultivos transxénicos e/ou orientados cara a producción de agrocombustíbeis.

Tamén trasladamos a nosa preocupación pola forestación das terras agrarias, de cara a evitar unha forestacion masiva do noso pais na contra dun desenvolvemento das nosa potencialidade agrosilvopastorís.

Outra liña na que afondamos foi no capítulo das CMVMC, en temas como: dotar de personalidade xurídica ás CMVMC, ou o prazo de adaptación dos estatutos das CMVMC a esta lei.

As comunidades veciñais disporán do prazo de dous anos, contado dende a entrada en vigor desta Lei, a proposta do SLG.

No tocante ás condicións dos convenios entre CMVMC e Administración forestal para a xestión dos mesmos, en tódolos ámbitos de uso e disfrute (dereitos de superficie, arrendamentos, infraestruturas agrarias,cesións...) o SLG logrou ampliar o prazo até os trinta anos.

Foi proposta do sindicato corrixir todo o texto en clave de xénero e reforzar nas definicións a participación da muller, por exemplo na definición de comuneiro/a, de cara a posibilitar a participación da muller, sendo conscientes do problema do machismo nos eidos forestais.

Ao longo da filosofía dunha xestión sustentábel do monte, nos Criterios da Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentable e nos Plans de Ordenación dos Recursos Forestais, propomos que se recoñeza nas avaliacións dos aspectos socioeconómicos as actividades agrosilvopastorís que non eran contempladas na maioría dos casos.

Nos Contratos de Xestión Forestal, instrumento que vai promover a lei de cara a un uso mais sustentábel do monte, o SLG defendeu que se recollan tamén que as CMVMC poidan facer uso do mesmo.



Labregas e labregos pela modificación da Política Agraria Común

Coordenadora Europea Vía Campesiña

O pasado 27 de xuño tivo lugar a presentación pública da Coordenadora Europea Vía Campesiña, que agrupa ás organizacións reunidas antes na Coordenadora Campesiña Europea (CPE) e numerosas organizacións labregas e de traballadores/as agrícolas de Dinamarca, Suíza, Italia, Países Baixos, Estado español, Grecia Malta e Turquía. Dende esta nova coordenadora, á que pertence o Sindicato Labrego, esiximos o desenvolvemento dunha agricultura labrega diversa e vinculada aos territorios, así como a aplicación da soberanía alimentar.



Voceiros e voceiras da Executiva da Coordenadora Europea Vía Campesiña o día da súa presentación.

As organizacións membras da Coordenadora Europea Vía Campesiña, entre as cales se atopa o SLG, procura reforza-lo movemento labrego europeo para acadar a modificación da actual Política Agraria Común europea (PAC), defendendo activamente o dereito de soberanía alimentar, necesaria para este cambio.

A PAC actual, que é o resultado dunha mala PAC dende antes de 1992, e dunhas malas reformas segundo os criterios da OMC no 1992, 1999 e 2003, que elimina aos labregos e labregas europeos/as, carece de lexitimidade, nin a nivel internacional, xa que promove o *dumping*, nin a nivel social, xa que crea fortes desigualdades sociais.

Arruina o medio ambiente, a saúde, a calidade dos produtos e fai dos/as labregos/as persoas asistidas, sen recoñecemento económico e social.

Ademais, na actualidade estase discrimando financieiramente aos labregos/as de Europa Central, integrada na UE. Por outra banda, arestora os países europeos fóra da UE, que firmaron o acordo da OMC, están aplicando políticas paralelas á PAC.

A PAC xusta

Necesitamos unha política pública, unha política agrícola europea, definida polos europeos e non pola OMC, por iso a Coordenadora Europea Vía Campesina avoga por un cambio da PAC, e non pela súa supresión.

O emprego agrícola e rural debe ser unha prioridade da PAC: opoñémonos á desaparición dos labregos/as e exisimos o recoñecemento dos dereitos das labregas.

O acceso á terra, á auga, ás sementes, ao crédito, debe ser un dereito, como tamén haberá de selo a posibilidade de que os labregos e labregas salvagardarden as súas sementes e melloraren as súas variedades vexetais.

Por outra banda, tamén é preciso favorecer a instalación de xóvenes agricultores/as no agro europeo.

Os labregos e labregas deben vivir primeiro da venda dos seus produtos.

Asemade, para que os prezos agrícolas reflictan o valor real dos produtos, a producción debe ser controlada, co fin de evitar os excedentes.

Ademais, calquera forma de "dumping" á exportación (venta por embaixo dos custos de producción) debe estar prohibida, e a UE e os outros países deben ter o dereito a protexerse de importacións a prezos demasiado baixos.



O obxectivo principal desta organización é a loita por outras políticas agrícolas e alimentarias máis lexítimas, xustas, solidarias e sostíbeis, necesarias en Europa para respostar aos desafíos da seguridade alimentar, saúde pública, emprego no medio rural e enfrontar a crise global dos prezos alimentarios e o cambio climático.

Un mundo rural vivo

En Europa, cada día, máis de mil explotacións agrícolas desaparecen por mor da falla dunha verdadeira vontade política de facer vivir a agricultura labrega e familiar.

Para mantener un mundo rural vivo en tódalas rexións, a agricultura labrega debe manterse e desevolverse: os fondos europeos son necesarios, particularmente para as pequenas explotacións e as rexións desfavorecidas. O proceso de concentración da producción agrícola debe ser detido e a producción agrícola haberá de ser mellor distribuída entre as rexións e entre as explotacións.

Asemade, os modos de producción que danan ao medio ambiente, consumen demasiada enerxía, afectan á calidade e á seguridade dos productos, deben ser reorientados.

É vital manter e mellorar os servizos públicos en todas as rexións, e a utilización das terras agrícolas deberá consagrarse prioritariamente á producción alimentar.

A biodiversidade debe ser salvagardada: os transxénicos e as patentes de organismos vivos deberán de estar prohibidos.

A política de desenvolvemento rural non debe reemprazar á PAC, nin correxir os seus defectos, senón complementala, desenvolvendo o emprego como prioridade.

Os circuitos curtos de comercialización deben de ser prioritarios en relación ao transporte de longa distancia e aos mercados internacionais.

Os/as traballadores/as agrícolas inmigrantes deben ser tratados/as sen discriminación, cos mesmos dereitos que os seus homólogos europeos.

Son necesarias regras de comercio internacional sen "*dumping*" baseadas no dereito á soberanía alimentar, os dereitos humáns e os dereitos internacionais de traballo.



nº 265
Xullo do 2008 FOUCE

Loitar contra o lume xestionando a biomasa forestal

O control ou eliminación parcial ou total da biomasa vexetal é unha eficiente estratexia natural na prevención de incendios



A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza, prevé un sistema de defensa contra incendios forestais baseado, entre outras cousas, na organización e xestión da biomasa en zonas estratéxicas. Trátase de manter o monte en condicións que contribúan a previr ou evitar os incendios forestais. Isto acádase creando e mantendo descontinuidades de carga de combustíbel nos terreos forestais e na súa zona de influencia, a través do control ou eliminación parcial ou total da biomasa vexetal, empregando as técnicas máis acaídas e coa intensidade e frecuencia axeitadas.

Un xeito de protexer o monte creando descontinuidades vexetais horizontais é alternar plantacións de especies de alta combustibilidade e inflamabilidade con ou-tras de baixa combustibilidade e inflamabilidade.

Por exemplo, combinar plantacións de piñeiros con repoboacións de frondosas caducifolias (castiñeiro, cerdeira, freixo, etc).

As descontinuidades verticais, pola súa banda, acádanse alternando cultivos arbóreos con arbustivos ou herbáceos.

Un exemplo: zonas repoboadas con especies arbóreas mesturadas con outras de pradaría.

Varios son os métodos que poden ser empregados para o control da matogueira, mantendo os nosos montes en condicións axeitadas para a defensa e loita contra os incendios forestais.

O máis común é a eliminación da vexetación mediante rozas mecanizadas ou manuais de maior ou menor intensidade segundo as necesidades.

Nembergantes, temos o problema de que resulta un método custoso, polo que deben de ser procuradas alternativas máis económicas ou que nos valoricen a biomasa residual.

Sistemas silvopastorais

Unha proposta moi interesante son os sistemas silvopastorais. Un sistema silvopastoral é un método de xestión do monte no que se integra a produción de madeira e outros produtos forestais e a cría de gando.

Úsanse razas rústicas, compatíbeis co arborado e que se alimenten, basicamente, do pasto que medra baixo as árbores.

Deste xeito, reducimos a cantidade de combustíbel no monte, redundando na prevención dos incendios forestais.

Ademais, obtemos ingresos a curto prazo pola venda dos animais, ingresos complementa-rios aos obtidos a longo prazo pola venda da madeira. Por último, incrementamos e diversificamos a produción do monte.



Os sistemas silvopastorais apostan por unha xestión do monte apoiada na cría de gando.

Varios son os lugares onde optaron por esta alternativa, como nas Trabancas (Agolada), cun aproveitamento con vacas de raza limiá e cabalo galego, ou en Cerdedo, onde introduciron caldelás.

Ou incluso nas Landas, na Francia, onde o control da vexetación se realiza con aves.

Outra opción é valorizar os restos que obtemos das accións silvícolas realizadas no monte (rozas, podas, clareos...).

Unha moi boa alternativa é a utilización da biomasa residual para a elaboración de adubos mediante o proceso de compostaxe.

Exemplos deste aproveitamento temos en Crecente (Pontevedra), onde existe unha planta de compostaxe que transforma os restos de roza en fertilizantes, con grande aceptación nos sectores da xardiñería e as plantas ornamentais.

Tamén no Val Miñor, onde a Mancomunidade de Montes aproveita os restos de podas para a elaboración de adubos que usan para fertilizar as súas terras.

O sector adoece dunha importante baixada no consumo

No último ano o consumo de viño baixou até un 30% malia a subir o consumo de viños de calidade

O sector do viño está a sufrir unha crise debida, en boa medida, a unha baixada do consumo de máis do 30% no último ano.

Os motivos desta baixada son múltiples. Primeiramente atopamos a culpabilización do viño nos problemas de hipertensión e doutros trastornos na saúde.

Engádese a esta circunstancia o encarecemento do produto debido ás altas marxes da hostalería, onde se vende a meirande parte do viño, establecidas entre o 200 e o 400%.

Ademais, froito da pretensión de incluílo na Lei de Drogodependenzas e Sustancias Aditivas (Lei do Botellón), a súa imaxe está sendo desvirtuada.

A esta baixa no consumo de viño súmanselle problemas que están a sacudir ao todo o sector.

Primeiramente, o ano pasado percibiuse un claro descenso na colleita, que oscila entre un 30 e un 35%.

Ademais, a porcentaxe de rendemento Kg de uva/mosto foi un 5% inferior debido á forte seca de setembro, que provocou unha maior perda de enxertos e cepas.

Estas cuestións non conlevaron que os/as viticultores/as cobrasen máis polas súas producións, salvo en contadas excepcións, polo que o nivel de ingresos foi bastante inferior á media.

No presente ano, por mor da climatoloxía, tamén teremos pouca colleita.

En segundo termo, o sector adoece dun problemático ascenso dos custos de produción vinculado ás malas condicións climáticas e á cantidade de tratamentos aplicados debido a este motivo.

Asemade, ao igual que en todo o sector agropecuario, a suba do prezo do gasóleo B e dos produtos fitosanitarios encareceu significativamente o proceso produtivo.

As marxes comerciais para o viño na hostalaría atópanse establecidas entre o 200 e o 400%

Contratos homologados: un avance limitado para o sector

Os contratos homologados de uva supoñen un avance pero non están exentos de problemas e limitacións:

1. As uvas que se venden con contrato homologado supoñen unha porcentaxe bastante baixa do total da uvas de calidade, de momento. Tamén hai casos, coma o de Monterrei, onde non se asinaron nunca.

2. Sumarse ao contrato homologado depende de cada adega e, en boa medida, decídese en función da previsión que se teña para pedir axudas á Administración galega, pola maior porcentaxe que se concede ás empresas que asinan contratos.

3. As empresas que asinan contratos homologados só están obrigadas a coller baixo contratos o 50% das uvas.

4. Moitas veces, as uvas propias das adegas métense baixo contratos homologados, superando así ese 50% e logo aos viticultores/as non se lle asinan.

5. En algúns dos albarás que se lle entregan aos/ás viticultores/as non se indica graduación alcohólica, polo que non poden saber cal é o prezo real que se lle vai pagar pola uva.

6. En moitas ocasións os contratos asínanse despois de entregadas as uvas.

7. A pesares de asinar contratos homologados, os/as viticultores/as non teñen garantido o cobro das uvas (un exemplo claro é o caso de Viñas del Norte en Valdeorras).

8. Os créditos do IGAPE, a 0 xuros, resultaron ser un xeito de financiar ás adegas, respondendo os viticultores en caso de impago.

A situación das cooperativas e o papel do SLG nos Consellos Reguladores

As adegas cooperativas teñen grande importancia no sector en Valdeorras, O Ribeiro e Rías Baixas; non existindo en Monterrei, Ribeira Sacra nin nas IXP de viños da terra.

A súa situación e problemática é ben diferente en cada unha das ribeiras:

■ **Rias Baixas:** as cooperativas (*Martín Codax* e *Condes de Alvarei*) son grandes empresas. Absorben grande parte das uvas da D.O., pagan un bo prezo aos socios/as (por riba dos 2 €/Kg uvas), e contan a día de hoxe cun contrato de venda cunha multinacional de 8 millóns de botellas ao ano. Esta situación lévaos a tentar facerse con outras cooperativas pequenas e empresas.

■ **O Ribeiro:** a *Vitivinícola do Ribeiro* elabora unha gran cantidade de uvas da D.O., a maior parte do "Jerez" e é o eixo fundamental da D.O., converténdose en árbitro do sector no prezo do contrato homologado, nos cambios do regulamento, etc.

■ **En Valdeorras:** hai tres cooperativas (en *O Barco, A Rúa* e *Larouco*)cunha situación bastante diferente entre elas. Teñen en común que elaboran a maior parte do tinto de Valdeorras e teñen como cuestión pendente a comercialización do Godello. Nesta zona apréciase un envellecemento grande dos/as cooperativistas perdendo socios/as cada ano.

Consellos Reguladores

O noso traballo nos *Consellos Reguladores das Denominacións de Orixe* (CRDO), a aproximadamente un ano dende a súa renovación, non é facilmente avaliábel.

Tendo en conta que a maior parte dos debates xiraron e xiran sobre a renovación dos regulamentos, haberá que esperar a que conclúan os regulamentos e os manuais de calidade, para avaliar o grao de aceptacións das propostas do Sindicato Labrego e a correlación de forzas para o traballo nos próximos tres anos.

O feito de poder defender as nosas propostas dentro dos CR e de poder participar dende dentro nestes organismos, resulta positivo. Mais non debemos perder de vista nunca o grande peso que a industria ten nestes organismos.

En marcha a campaña polo 0,42€ de prezo base mínimo para o leite

O sete de agosto estaremos na FENIL, Medio Rural e na Delegación do Goberno en Lugo

Despois das mobilizacións do sector lácteo da primavera pasada, contra a enorme caída do prezo do leite, no seo da Mesa do Leite deuse por zanxada a crise coa posta en funcionamento dun contrato homologado para o sector, que o Sindicato Labrego Galego non asinóu porque non tiña prezo mínimo de partida, condición que consideramos imprescindíbel. A estas alturas o prezo segue como estaba, no mellor dos casos, e noutros seguíu baixando. Así as cousas, os problemas que tiñamos na primavera seguímolos a ter, en moitos casos, incrementados.

Por estas razóns, e nun momento no que os custes de produción das explotacións non deixan de aumentar, co que o sector productor de leite perde renta cada día que pasa, o SLG está a facer unha campaña de sensibilización e mobilización.

Esta campaña baséase na defensa dun prezo mínimo para o sector, para que a lexislación o permita, e para que os axentes do sector o asumamos coma ferramenta básica e fundamental.

Como a posta en marcha dos contratos vai supoñer unha imposición de prezo de xeito unilateral pola industria, plantexámonos unha campaña de reivindicación de prezo base mínimo de 0,42 €, e mobilizarnos con este obxectivo.

Nos locáis do SLG hai cartéis que reivindican este prezo para que todos e todas o poñades nas vosas cortes.

Arestora, xa están anunciadas baixadas no prezo para o mes de agosto e outono, cando o habitual até o momento viña sendo un repunte no prezo do leite a estas alturas de campaña.



Carme Freire e Mariano Pazos na rolda de prensa realizada o vinteoito de xullo en Santiago de Compostela co gallo da presentación das vindeiras mobilizacións no sector lácteo.

Xa están anunciadas baixadas no prezo para o mes de agosto e outono



Milleiros de gandeiras e gandeiros mobilizáronse o pasado trinta de abril en Santiago de Compostela.

O SLG vén de iniciar unha campaña de asambleas que culminará cunha mobilización o dia 7 de agosto, para reivindicar prezos mínimos para o leite, que paguen os custos de produción e o traballo, así coma a reapertura das negociacións para acadar este acordo de prezos.

Rexeitamos a complicidade que os Gobernos galego e estatal se está a manter coas industrias lácteas, así como o poder monopolizador da FENIL para establecer prezos que inviabilizan a posibilidade de poder vivir das nosas explotacións.

O día 7 iremos ás 11:30h a Leche Pascual, actualmente na presidencia da FENIL (asociación das industrias), ás 13:00h a Medio Rural e ás 13:30h á Subdelegación do Goberno, onde lles pediremos por escrito a apertura de mesas de negociación que establezan prezos mínimos e contratos anuáis con prezo medio garantido.

Máis dun cento de persoas acoden á xornada sobor da saúde na muller convocada pelo SLG

Prevención, diagnóstico a tempo e novas investigacións

No mes de xuño o SLG celebrou en Meira unha exitosa xornada adicada a informar e tentar mellorar a saúde das mulleres do noso rural. Sesenta persoas durante a mañán e cincuenta pola tarde acudiron ao encontro. Pola mañán Dna. Elena Mato, farmacéutica no Concello de Meira dende hai 20 anos, presentou o relatorio "A saúde da muller na mediana idade". Pola tarde, acompañounos D. Fernando Veiga , Xefe do Servizo de Xeriatría do Complexo Hospitalario Xeral – Calde e Presidente da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría até o 2003.



Dna. Elena Mato Villar, nada en Vilalba e farmacéutica no Concello de Meira dende hai 20 anos

Os temas que se trataron foron: a menopausia e os tratamentos hormonais sustitutivos, a osteoporose, o cancro de mama e de útero, a fibromialxia, o alzheimer e a depresión na muller.

En todos eles fíxose fincapé en tres piares fundamentais: na importancia da prevención e o diagnóstico a tempo, nos pros e contras dos posíbeis tratamentos, e nas últimas investigacións que se están facendo no ámbito de cada enfermidade.

É salientábel, por exemplo, os estudos no campo do cancro de mama e de útero, nos cales descubríronse os xens cuia mutación provocan ditas enfermedades.

Deste xeito, nas situacións en que nunha mesma familia se dean casos de nais ou de irmás que sofren o cancro de mama, poderase estudar o xenoma das familiares e concluir que porcentaxe de probabilidades teñen de padecer a enfermidade nun futuro, para comezar con tratamentos preventivos antes de chegar a manifestarse físicamente a enfermidade.

As asistentes formularon sobre todo preguntas sobre a depresión, a osteoporose e o alzheimer.

Elena Mato concluíu suliñándolles a importancia dunha boa alimentación, o máis natural posíbel, e da necesidade de enfocarmos a medicina dende o punto de vista da eficacia ou non eficacia da mesma para cada doente en particular; que non pechemos as portas a tratamentos menos abrasivos como a homeopatía, a hidroterapia, a acupuntura etc… que poden mellorar a calidade de vida do/a enfermo/a e facelo menos dependente de determinado tipo de medicamentos.

Pola tarde, acompañounos D. Fernando Veiga Fernández, doutor en Xeriatría, Xefe do Servizo de Xeriatría do Complexo Hospitalario Xeral – Calde de Lugo e Presidente da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría entre o ano1997 e o 2003.

O seu relatorio tratou sobre "A saúde da muller na terceira idade". Falou sobre a importancia de ter controladas, a estas idades máis avanzadas, a tensión arterial, a diabete, e o colesterol, incidindo para elo na necesidade dunha boa alimentación.

Analizou, xa máis en profundidade, a rotura de cadeira na muller, que ten unha porcentaxe de probabilidade de morte tan elevada como as enfermidades cardiovasculares nos homes; da incidencia das caídas a partir de determinada idade.

De feito, si unha persoa maior cae máis de dúas veces no mesmo mes sen causa aparente, pode ser síntoma tanto dunha futura rotura de cadeira, como dun posíbel parkinson.

Tratou tamén o alzheimer: neste caso, igual que pasara pola mañá, foi cando máis preguntas fixo o público asistente, sobretodo encamiñadas a coñecer o grao de heredabilidade da enfermidade, e saber cales son os síntomas e o proceso diagnóstico do mal.

O Dr. Veiga explicou que o alzheimer é a perda de capacidade do cerebro para aprender cousas novas, e por iso os primeiros síntomas son que a persoa non recorda o que fixo o día anterior.

Á hora de diagnosticalo, nos seus primeiros estadíos non aparecen evidencias da enfermidade nos escáneres do cerebro que se lle poidan facer ó enfermo.

Por iso, o que se fai é someter ao/á paciente a unha serie de test, nos que se lle fai recordar palabras, frases, contas, probas lóxicas etc…

Estes test varian en función da idade do paciente e do seu nivel cultural; así determínase o seu estado, comparándoo co que sería o normal estando en boas condicións mentais.

Dr. Fernando Veiga: "As coidadoras de persoas maiores están *machacadas*"



D. Fernando Veiga Fernández, Xefe do Servizo de Xeriatría do Xeral – Calde de Lugo.

Dada a experiencia do Dr. Veiga nos anos que leva traballando no hospital, tanto cos/cas enfermos/as como cos/cas coidadores/as, os/as asistentes preguntaron cal era a situación actual das coidadoras/es, e se observara algún cambio a peor ou a mellor ó longo dos seus anos de consulta e traballo no Xeral-Calde .

A contestación foi bastante demoledora: contou que a situación das mulleres, tanto do campo como da cidade, que coidaban enfermos de avanzada idade, era prácticamente igual de mala, a definición exacta foi: "están machacadas".

No rural hai dificultades porque a muller non só ten que coidar á xente maior, senon levar tamén o traballo do campo, da casa, dos nenos, etc…

Pero é que na cidade, hoxe en día, son necesarios na maioría dos casos dous soldos para manter unha familia, polo cal traballan o home e a muller.

Se a familia conta tamén con nenos pequenos, cos pais e cun piso de setenta metros cadrados, a situación para a muller que coida da familia é moi delicada.

Antes de rematar a xornada, trasladou tres reflexións moi significativas de cal é a situación cotidiana nos hospitais: por un lado que aínda hoxe en día se queres unha boa calidade de vida na terceira idade, non só tés que coidarte físicamente, senon que tés que ter "*unha filla ou unha situación económica moi desafogada*".

Outra reflexión foi que unha de cada dez persoas que están coidando dun/ha enfermo/a na ala de Xeriatría en Lugo acaba tendo que ser tamén ingresado/a.

Por unha banda, porque xunto cos enfermos de 90 anos veñen os/as fillos/as de entre 60-70 anos a coidalos, que xuntan á incómoda estancia no hospital as súas propias doenzas.

Además, para evitar que os/as seus/súas propios/as fillos/as deixen de traballar para coidar ós/ás avós/as, aguantan ata que non poden máis, enfermando e empeorando logo gravemente a situación familiar.

No caso de familias do rural, a incidencia é similar, co agravante de que como soen ser estancias prolongadas, hai menos xente para se relevar na noites, moitas viaxes en coche e moita máis falta de descanso para as/os coidadoras/es.

E a última reflexión foi que na experiencia que el ten no hospital, dos enfermos que chegan a ingresar na ala de Xeriatría, veñen en mellor estado físico os procedentes de resi dencias xeriátricas cós que ingresan procedentes do seu entorno familiar cos coidados dos familiares, situación que anos atrás non era tan habitual.

Declaración da época de perigo alto de incencios forestais

■ DOG do 25 de xuño de 2008

A CMR ven de declarar como época de perigo alto de incendios forestais durante 2008 a comprendida entre o 1 de xullo e o 30 de setembro.

A realización de queimas sen autorización previa pode ser sancionada con unha multa que oscila entre os 100 e os 1000 euros.

Subvencións a proxectos dinamizadores da áreas rurais de galiza

■ DOG do 2 de xullo de 2008

As/os interesadas/os en solicitar esta axuda poderán presentar as súas solicitudes ata o 1 de setembro de 2008.

A contía das axudas oscila entre o 45% e o 75% do gasto elixible sen superar o importe máximo de 200000 € por proxecto.

Axudas para o fomento e mellora do cabalo de pura raza galega

■ DOG do 4 de xullo de 2008

Poderán beneficiarse destas axudas as asociacións sen ánimo de lucro de criadores da raza de cabalo de pura raza galega e as entidades sen ánimo de lucro, cuxo obxecto estea relacionado co sector equino e que desenvolvan actividades con cabalos de pura raza galega. As entidades solicitantes poderán percibir como máximo o 100% do investimento subvencionable e non poderá consistir en pagamentos directos aos produtores.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda permanecerá aberto ata o 4 de agosto.

Ampliación do prazo para solicitar as axudas á bonificación de xuros de préstamos formalizados por titulares de explotacións gandeiras ■ BOE 28 de xuño de 2008

O Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño ven de publicar no BOE unha ampliación do prazo para presentar as solicitudes de axudas aos titulares de explotacións gandeiras destinadas a bonificar xuros dos préstamos subscritos.

O prazo para presentar as solicitudes permanecerá aberto ata o 19 de setembro.

Axudas a asociacións con destino ao apoio ás festas populares e outros eventos de contido turístico.

■ DOG 5 de xuño de 2008

Poderán ser beneficiarias destas axudas as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, incluídas as comisións de festas legalmente constituídas que pretendan a celebración de festas populares e outros eventos ou actuacións de carácter similar de interese turístico que se celebren durante o ano 2008.

O importe das subvencións concedidas poderá acadar un máximo de axuda de ata o 75% do investimento subvencionable co tope de 6000 euros por entidade.

O prazo de presentación de solicitudes remata o 30 de outubro de 2008.

Subvencións para facilitar a autonomía persoal dirixidas ás persoas en situación de dependencia

■ DOG do 18 de xullo de 2008

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas que teñan recoñecida a situación de dependencia no grao III, nivel 1 e 2 e grao II nivel 2.

As actuacións subvencionables poderán consistir na adaptación funcional do fogar e supresión de barreiras arquitectónicas e de comunicación no interior da vivenda ou na adquisición de axudas técnicas ou produtos de apoio.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda remata o 19 de agosto de 2008.

Axudas para a rehabilitación e renovación de calidade de vivendas non medio rural e conxuntos históricos de Galiza ■ DOG 4 de xuño de 2008

Poderán beneficiarse destas axudas as persoas físicas que sexan propietarias, usufrutuarias, inquilinas promotoras da rehabilitación ou renovación para uso propio ou para aluguer de vivendas e que obteñan uns ingresos familiares que non excedan de 3,5 veces o IPREM.

Para seren obxecto destas subvencións as vivendas ou locais deberán ter obtido a resolución de conformidade coas actuacións propostas para a obtención da cédula de rehabilitación de calidade.

Os importes máximos das subvencións será de 24000 euros nos casos de rehabilitación en ámbito rural e de 30000 euros nos casos de renovación en ámbito rural

O prazo para presentar as solicitudes de axuda permanecerá aberto ata o 30 de setembro.

Subvencións públicas destinadas a persoas maiores e persoas con discapacidade para facilitar a autonomía persoal e a accesibilidade ■ DOG 9 de xullo de 2008

Poderán beneficiarse destas axudas as persoas maiores de 65 anos e persoas con discapacidade menores de 65 anos que non teñan recoñecida a situación de dependencia no grao III, niveis 1 ou 2, ou non grao II, nivel 2 por resolución anterior á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Poderán solicitarse axudas para a adaptación funcional da casa e supresión de barreiras arquitectónicas e de comunicación no interior da vivenda, adquisición de próteses dentais e audífonos non previstos non sistema sanitario e axudas técnicas.

O prazo para presentar a solicitude de axuda remata o vindeiro 10 de agosto.

Premio ás actividades produtivas no medio rural pela súa contribución á conservación, recuperación e posta en valor do territorio histórico dos Camiños de Santiago para o ano 2008

■ DOG do 19 de xuño do 2008

Persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións forestais, agrícolas e/ou gandeiras ou de actividades de transformación ou distribución dos seus produtos que desenvolvan a súa actividade no ámbito do territorio histórico dos Camiños de Santiago.

Este territorio histórico comprende tanto o Camiño Francés coma outras rutas enmarcadas na denominación xeral de Camiño de Santiago, correspondéndose coas actualemente coñecidas como Camiño Portugués, Ruta da Prata, Camiño do Norte (comprendendo o Camiño Primitivo), Camiño de Fisterra e Camiño Inglés.

As candidaturas non poden ser presentadas por titulares de explotacións ou actividades que sexan obxecto deste premio.

As candidaturas serán presentadas por asociacións culturais, de amigos do Camiño de Santiago, defensa do patrimonio, do ambiente, etc.. Polas asociacións profesionais agrarias ou por entidades (universidades, colexios profesionais...) incluíndo as territoriais (mancomunidades, concellos, etc.).

A contía do premio será de 90.000€, distribuídos nun primeiro premio de 30.000€ e cinco mencións 12.000€.

O prazo para a presentación de solicitudes rematará o 30 de outubro do 2008.

Axudas para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas titulares ou cotitulares de explotacións agrarias. ■ DOG26 de maio de 2008

Mediante esta axudas téntase promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares e titulares de explotacións agrarias da Galiza, especialmente das mulleres, coa finalidade de promover a creación de emprego e a mellora laboral no agro galego, facilitando mediante incentivos a súa alta na Seguridade Social.

A axuda consistirá no aboamento do 20% ou do 50%, dependendo da persoa beneficiaria, da cota por contixencias comúns de cobertura obrigatoria que corresponda ingresar.

A axuda correspondente ao ano 2008 será de 30,65€ mensuais ou de 76,62€ mensuais, en función da persoa que resulte beneficiaria da axuda.

O prazo para presentar as solicitudes remata o 30 de Setembro de 2008.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Becerros de 2, 3 e 4 meses para recria. Concello de O Covelo (Pontevedra).
TLF: 986-668820; 626442294

Oito ovellas e un carneiro de raza merina. Todo saneado.
TLF. 982 144 112 (Primo).

Véndese ou alúgase explotación de algo máis de 10,000m^2, cercada con muros de fábrica, luz, manantial propio, 2 silos para penso, 3naves, oficinas, etc.con S.L.
A 3km de Boiro. Prezo de venta 135.000€, prezo de aluguer a convir.
TLF. 626 010 679 (Alfonso)

Cargador con rotativa marca MORRA.
TLF. 636 650 908

Véndense 2.000 m2 de invernadoiro e unha empacadora de paquetes pequenos con cinta cargadora de pacas.
TLF. 679 208 672

Empacadora BATLLE 152
Tanque de frio ALFA-LAVAL, de 330 litros de capacidade.
TLF. 982 169 197 (Moisés)

Máquina de esquilar profesional, marca GILVI , seminova.
TLF. 686 784 178

Véndese trigo e pacas de palla.
TLF. 663 470 286

Rolos e pacas de herba seca.
TLF. 982 526 886

Circuito e Tanque de leite de 420l.
TLF: 981 89 27 06

18 Bolos de herba seca
TLF. 981 79 86 81

-Rotativa 1,70
-Circuito de 6 puntos con pulsadores electrónicos.
-Tanque de Frío ALFA-LAVAL, de 750 litros.
TLF. 696 642 722

Becerra frisona de un mes. Boa xenética.
TLF. 675 412 618

Autocargador POTIGER Vos1 de 25 metros^3 1S. 9000€ negociábeis.
TLF. 617 999 320 (Manuel)

Pinat tipo ENCINE.
TLF. 670 895 789

Circuito de tanque de leite 420l.
TLF. 981 892 706

-Hilerador de herba de correas completamente novo.
-Autocargador marca TATTO galbanizado con 7 cuchillas
Tlf. 981 78 82 10

- Tanque de leite ALFA LAVAL 520L.
- Motosegadora BERTILLINI
TLF.. 620 138 279

Finca en zona urbana. Pradería de 5 ferrados e medio no concello de VILARMAIOR na zona de VILAMATEO.
TLF: 981 78 81 69

Autocargador GALARI.
TLF. 982 160 657 (noites) **e 647 172 807**

Coche "sen carnet", prácticamente novo, por enfermidade.
TLF: 653 204 315

Ensiladora de 2 regos, marca Kemper (de rodillos).
TLF. 678 761 441

Tractor SAME modelo EXPLORER II 90cv . Bo prezo.
TLF. 638 045 317

Herba Seca para recoller, en Toiriz - Vila de Cruces (Pontevedra).
TLF. 627 638 804

Rastrillo marca VALLE e sulfatadora marca JABARA
TLF. 982 150 121 (Suso)

-Carro mezclador, TATOMA vertical 12m, en perfecto estado.
-Tanque de leite de 2.080 litros, con lavado automático.
Por peche de explotación.
TLF. 699 639 566

Autocargador marca CLAAS
Tlf.: 982 502 280

Egua de pura raza española. Bo prezo.
TLF. 636 096 079

-Tanque de frio de 520 l, marca PORTINOX
-Bomba de 6 pontos, marca SAT.
TLF.981 856110

Cocha reproductora e semental. **618.947.926.**

Por abandono de millo. Ensiladora de millo marca POTINGER de un rego, con machacadora de grao e afiado automático, último modelo. Unha campaña. Como nova. Prezo: 3500€
Tlf.: 606 616 139

Rotoempacadora marca GALLINANE e outra empacadora marca DEUTZ FHARZ, unha segadora pequena marca AEVE.
TLF. 609 311 416

Tractor Lamborghini. 80 CV.
Bo prezo.
TLF. 639 484 413

Palla de trigo mais rulos de herba seca. Tordoia.
Telf: 981 19 92 26 (Manuela)

Herba seca.
Tlf.: 649 615 280 (José Ángel)

Touro de tres anos marcado de Acruga.
Tlf.:619 937 274

Rastrillo rotativa e un arado de 2 sucos e 16 pulgadas reforzado marca GÓMEZ.
TLF. 696 004 515

-Véndense vacas de carne con dereitos.
TLF: 653 781 267

Empacadora MASSEY-FERGUSON 122 con levantamento hidráulico de 1.80m
TLF. 986 58 40 70

Unha vaca frisona con carta.
TLF: 626 334 770

Herba seca. Prezo económico.
TLF 699 719 484

COMPRAS

Cacheadora de patacas.
TLF. 981 669 250

ALUGUEIROS

Procúrase terreo de gran superficie para pastoreo, en calquera zona da Galiza.
TLF. 690 367 369

Búscase explotación para arrendar en calquera das catro provincias do País, preferentemente en A Coruña.
TLF. 676 28 27 30 (Samuel)

OUTROS

Intercámbianse libros de lectura.
TLF. 986 58 40 70

Parella francesa procura aloxamento temporal en casa labrega, preferentemente na comarca de Pontevedra.
gasson.a@wanadoo.fr
(Andre Gasson)

OFERTA E DEMANDA

EMPREGO

-Búscase traballadora ou traballador para explotación de leite en Vila de Santalla (Curtis). Boas condicións económicas.
TLF: 653 781 267

Fanse traballos de xardinería, desbroce de montes, limpeza de fincas de cultivo.
TLF: 981 52 09 00

Ofrécese persoa para traballar en explotación. Zona Vila de Cruces - Comarca d´O Deza.
TLF. 699 330 236 (Arturo)

Búscase empregado/a para granxa en Sobrado.
Tlf: 609 73 32 89

Ofrécese traballador para explotación.
TLF: 629973867

-Búscase traballarora ou traba-llador para explotación de leite en Vila de Santalla (Curtis). Boas condicións económicas.
TLF: 653 781 267

Búscase traballador/a agrícola para traballo de viña, diversas facetas.
TLF: 677436970 (José Luis)

Búscase persoa para traballar nunha explotación de horta na zona de Vedra
TLF: 620 582 693
981 503 281

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada ou no correio electrónico *prensa@sindicatolabrego.com*. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Nova mocidade emprendedora



Nova sabedoría do rural



Hai moito máis que innovación, produción e calidade.
Hai moito máis que boas oportunidades para a
mocidade que elixe traballar no novo rural.
Hai outra filosofía de vida... unha nova sabedoría.

E ti... se sempre volves ao rural...
Por que non ficas a traballar nel?





novas axudas
á incorporación da mocidade á
actividade agraria
e mellora das explotacións

http://mediorural.xunta.es

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Infórmate e establécete no rural